

**ACTA DA SESIÓN DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN DE DÚAS PRAZAS DE AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR, SUBVENCIÓN PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL (APROL RURAL) –XUNTA DE GALICIA - EXP: TR351G 2016/51-1**

Na Casa do Concello de Porto do Son, do día 28 de novembro de 2016, reúnese o tribunal designado para a selección das prazas, composto do seguinte xeito:

- Presidente: D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Francisca Vidal Regueira
- Vogal: D. José Antonio Maneiro Maneiro.
- Secretario: D. José Manuel Segade Santos.



CONCELLO DE  
PORTO DO SON

Fixado no taboleiro de edictos  
o día 28 de 11 de 2016  
Retirado  
o día .....de.....de 20.....  
O/A Funcionario/a

**O obxecto da sesión é proceder á realización da fase de oposición: proba práctica: (exame escrito tipo test que versará sobre os coñecementos teóricos e prácticos do posto de traballo) e da fase de concurso: cursos de formación.**

**Unha vez realizado, o tribunal por unanimidade dos seus membros acorda:**

1º) Outorgar as seguintes puntuacións:

APELIDOS E NOME	PROBA PRÁCTICA	CONCURSO	TOTAL
CARLEOS RODRÍGUEZ M <sup>a</sup> . JESÚS	1,20	0	1,20
GONZÁLEZ LORENZO JOAQUINA	2,40	0	2,40
<b>NÚÑEZ GONZÁLEZ M<sup>a</sup>. CONCEPCIÓN</b>	<b>3,60</b>	<b>0</b>	<b>3,60</b>
QUEIRUGA LUACES M <sup>a</sup> . PIEDAD	3	0	3
QUEIRUGA RODRÍGUEZ M <sup>a</sup> CARMEN	2,40	0	2,40
VALIÑO MARTÍNEZ FLORINDA	NP	-	NP
<b>VILA CAMEAN M<sup>a</sup> PILAR</b>	<b>4,20</b>	<b>0</b>	<b>4,20</b>

2º) Propoñer para a súa contratación pola Alcaldía as seguintes participantes por ser as persoas que acadaron a maior puntuación na realización do procedemento de selección: M<sup>a</sup>. PILAR VILA CAMEAN E M<sup>a</sup>. CONCEPCIÓN NÚÑEZ GONZÁLEZ.

Bolsa de emprego: Cos aspirantes que superaron o proceso selectivo constituirase unha bolsa de traballo que poderá empregarse para a cobertura polo concello de postos de traballo das mesmas características (fomento da empregabilidade, contratos de interese social). A duración desta bolsa será dun ano.

3º) Presentación da documentación polos aspirantes aprobados. Os candidatos seleccionados deberán presentar no Rexistro Xeral de Entrada do Concello de Porto do Son, en horario de 8:00 a 14:00, **no prazo de 2 días naturais (se o último día do prazo fose inhábil, trasladarase ao primeiro hábil seguinte)** dende que se faga pública a relación de aprobados (mediante anuncio no Taboleiro do Concello) os documentos acreditativos das condicións de capacidade e demais requisitos esixidos na convocatoria:

- **Certificado ou informe médico de atoparse apto para a realización deste traballo.**
- **Declaración xurada de non atoparse incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade.**







- **Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública nin encontrarse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.**
- **Código IBAN de conta bancaria e copia da cartilla da Seguridade Social.**
- **Os aspirantes seleccionados deberán presentar neste momento os orixinais documentación presentada coa solicitude: DNI, tarxeta de demandante de emprego para o seu cotexo.**

De non presentarse dita documentación no prazo indicado (salvo casos de forza maior) ou no caso de deducirse da documentación que non se reúnen os requisitos esixidos, o aspirante non poderá ser contratado; sen prexuízo da responsabilidade en que puidese incorrer por falsidade na súa solicitude de participación. Neste suposto, o Alcalde-Presidente contratará ao seguinte aspirante aprobado por orde de puntuación.

4º) Dispor a publicación desta acta no taboleiro de editos e na web do concello.

Se levanta a sesión cara as 13:30 horas.

E para que conste se levanta a presente acta que en proba de conformidade asinan os membros do tribunal de todo o que como secretario certifico.